

**Preséntase a edición en Libro-DVD do documental *Morreu o demo, acabouse a peseta***

## **Barriga Verde para levar**

**Unha charla sobre o títere tradicional permitirá a coñecer a fondo este mundo na Feira do Libro de Viveiro.**

**Viveiro, 7 de xuño**

A librería Carricanta de Betanzos acolle ás oito da tarde deste venres sete de xuño a presentación do Libro-DVD *Morreu o Demo, acabouse a peseta*. Un documental e máis de sesenta páxinas de contidos conforman este lanzamento, que quere difundir a figura de Barriga Verde, títere por excelencia no noso país durante o século XX. O filme, que se puido ver xa en diferentes festivais europeos, chega agora para a súa distribución en formato doméstico nunha edición de luxo que achega múltiples contidos extra.

Pedro Solla, director do documental, Comba Campoy e Germám Ermida, da Asociación Cultural Morreu o Demo presentarán a iniciativa, que permite coñecer polo miúdo a figura de Barriga Verde, a súa importancia para a cultura galega entre os anos 10 e 60 do século pasado e mais o seu parentesco con outras figuras do títere popular europeo.

O filme *Morreu o Demo, acabouse a peseta*, dirixido por Pedro Solla e con produción executiva de Comba Campoy, amosa por unha banda o proceso de recuperación da barraca de Barriga Verde da man da compañía Viravolta Títeres, ao tempo que indaga nos parentes europeos de Barriga Verde: Punch, Pollichinella, Guignol ou Kaspar, amosando a vitalidade dun legado a nivel continental que tamén ten a súa representación no noso país.

O DVD vai acompañado dun libro de 62 páxinas que permite coñecer máis polo miúdo o proceso de xestación do documental, a importancia da tradición europea de títeres, a familia europea destes bonecos ou unha primeira achega á biografía de José Silvent, principal responsable de que Barriga Verde se convertise nun fito da nosa cultura popular. Textos de Toni Rumbau, Xaime Iglesias, Comba Campoy ou Germám Ermida actúan a xeito de extras do documental e permiten unha ollada máis fonda a este fenómeno da nosa escena.



Asociación Cultural  
para a recuperación do  
Títere Tradicional Galego

Museo do Pobo Galego:  
San Domingos de Bonaval  
15703 Santiago de  
Compostela  
Tel: 652807742  
[info@barrigaverde.eu](mailto:info@barrigaverde.eu)  
[@proyectobarrigaverde](https://www.barrigaverde.eu)  
[www.barrigaverde.eu](http://www.barrigaverde.eu)

A edición foi froito da colaboración entre Urco Editora, Tintimán Audiovisual e a Asociación Cultural Morreu o Demo, que inicia con esta iniciativa o seu traballo a prol da difusión e recuperación do títere tradicional galego. A Asociación que unifica diferentes iniciativas de investigación e divulgación encol deste tema, presentará proximamente as súas propostas de actividades para os vindeiros meses.

Os membros da familia Silvent foron os principais responsábeis da popularización deste personaxe, coñecido e imprescindible en feiras e festas de todo o país. Malia a se ter retirado da escena nos anos 60, moitos dos ditos das súas obras, como a frase “morreu o demo, acabouse a peseta” quedaron gravados na memoria popular de varias xeracións. No seu día obtiveron unha inmensa popularidade coa foi reivindicada por múltiples voces como a principal expresión teatral galega durante os anos da posguerra.

Máis información:

Comba Campoy, 652807742 ([combecha@gmail.com](mailto:combecha@gmail.com))

Germám Ermida 686344452 ([germam@gmail.com](mailto:germam@gmail.com))